b) *Prestar unha fianza por importe de 250 € por cada tempada, importe total 1.000 €, para responder do levantamento das instalacións á extinción do título, da limpeza e doutros aspectos da instalación e evitar a realización de vertidos ás praias. A tal efecto, a garantía ou fianza estará constituída pola cantidade depositada na Tesourería do Concello. **Para os efectos da devolución desta cantidade, o interesado ten a obriga de solicitala por escrito, e poderá solicitar a devolución da parte proporcional que corresponda ao final de cada tempada, ou ben ao finalizar o prazo de autorización (á finalización da tempada de verán 2021).** Xunto coa solicitude de devolución deberá achegar necesariamente un certificado da entidade bancaria da conta onde se vai transferir. (...)*”

Consta no expediente que José Ángel Rodríguez Álvarez, 52.936.489-B, adxudicatario do posto denominado “Coroso 1”, presentou no Concello de Riveira unha fianza en metálico por un importe de 1.000 € segundo Talón de Cargo expedido polo departamento de contabilidade deste Concello na data 3 de abril de 2018, para responder do levantamento das instalacións á extinción do título, da limpeza e doutros aspectos da instalación e evitar a realización de vertidos ás praias.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe técnico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Municipal de Medio Ambiente, Ignacio L. Fernández Veiga, de data 11/02/2019, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

Aprobar a devolución parcial, por un importe de 250,00 €, da garantía definitiva depositada en metálico no Concello de Riveira por José Ángel Rodríguez Álvarez.

VI.- LICENZAS DE ACTIVIDADE.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación





VII.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

RESOLUCIÓN EN RELACIÓN Á SOLICITUDE DE PRÓRROGA DE LICENZA DE OBRA Nº 489/09 MODIFICADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN SESIÓN CELEBRADA DE DATA 25 DE XANEIRO DE 2018.

FINALIDADE DA MODIFICACIÓN DA LICENZA DE OBRA Nº 489/09: Construcción de edificio para Comisaría Local del Cuelpo Nacional de Policía composto de planta soto, planta baixa, planta primeira e planta segunda.

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano con aplicación del Plan Parcial, Fontán, S.U.Z- 4.

REFª CATASTRAL: 15074A018001650001LO.

SITUACIÓN: SECTOR DO SUZ-4 - FONTÁN (PARCELA (6-A), RIVEIRA.

PROMOTOR/A: MINISTERIO DEL INTERIOR.

AUTOR/A PROXECTO: Sr. Alfredo Díaz Grande, (arquitecto col. 808).

PROXECTO: Proxecto de Execución Modificado de novembro de 2015 redactado polo Sr. Alfredo Díaz Grande (arquitecto col. 808), con informe favorable del Proyecto de Obras, por la Oficina de Supervisión de Proyectos del Ministerio del Interior, con nº 4.252 de fecha 1/06/2016.

ORZAMENTO EXECUCIÓN MATERIAL: 2.493.905,35 €.

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- A Xunta de Goberno Local en sesión de día 25 de xaneiro de 2018 acordou por unanimidade:

(...)

CONCEDER ao **MINISTERIO DEL INTERIOR, PRÓRROGA DA LICENZA DE OBRAS (Nº 489/09)** para **CONSTRUCCIÓN DE NOVO EDIFICIO PARA A COMISARÍA LOCAL DEL CUERPO NACIONAL DE POLICÍA**, no SECTOR DO SUZ-4 - FONTÁN (PARCELA (6-A), **EN RIVEIRA** en parcela con refª catastral nº 15074A018001650001LO, nos termos do Proxecto de Execución Modificado de novembro de 2015 redactado polo, Sr. Alfredo Díaz Grande (arquitecto col. 808), que conta con informe favorable del Proyecto de Obras, por la Oficina de Supervisión de Proyectos del Ministerio del Interior, con nº 4.252 de fecha 1/06/2016:

- *Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Oficio de Dirección de Obra, Oficio de Execución Material e de Coordinación de Seguridade e Saúde (actualmente en licitación).***

(...)

“

SEGUNDO.- Posteriormente pola DIRECCIÓN GENERAL DE LA POLICÍA DIVISIÓN ECONÓMICA Y TÉCNICA do MINISTERIO DO INTERIOR en escrito, (rexistrado de saída na data 13 de febreiro de 2019), rexistrado de entrada no Concello de Riveira na data 14 de febreiro de 2019, (Rexistro de entrada nº 2.089), solicítase que:





“
(...)

Por lo anterior y como quiera que el plazo acordado para la construcción habría ya expirado, se solicita de ese Ayuntamiento una prórroga del plazo para ejecutar las obras de construcción de la nueva Comisaría.

(...)
“

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- A parcela na que se proxecta a futura Comisaría de Policía clasifícase no Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Riveira, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada na data 17.12.02, publicado no B.O.P. de data 14.01.03 e no D.O.G. do 20.03.03, como **SOLO URBANO con aplicación o Plan Parcial que desenvolve o Polígono número 4 do Solo Urbanizable Delimitado (S.U.Z.), denominado “De Fontán”** aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación Municipal de Riveira en sesión celebrada o 27 de xuño de 2005, publicado no Diario Oficial de Galicia número 172, de 7 de setembro de 2005, e o documento que contén a normativa e as ordenanzas, foi publicado no Boletín Oficial da Provincia número 188, de 18 de agosto de 2005.

SEGUNDO.- Establece o artigo 145 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia respecto á caducidade das licenzas que

1. No acto de outorgamento da licenza de edificación determinarase os prazos de caducidade por causa de demora na iniciación e finalización das obras, así como por causa de interrupción delas. Na súa falta, o prazo de iniciación non poderá exceder os seis meses e o de terminación os tres anos, desde a data do seu outorgamento, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

2. Os municipios poderán conceder prórroga dos referidos prazos da licenza, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado.

3. No suposto de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa rematada exteriormente.

4. A caducidade será declarada pola administración municipal logo do procedemento coa audiencia ao interesado.

TERCEIRO.- Establece o artigo 359 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia:

1. As licenzas outorgarase por un prazo determinado tanto para iniciar como para rematar os actos amparados por elas.

Os prazos para a iniciación e remate das obras computarase desde o día seguinte ao da notificación ao solicitante do outorgamento da licenza.





2. No acto de outorgamento da licenza de edificación determinaranse os prazos de caducidade por causa de demora na iniciación e finalización das obras, así como por causa de interrupción delas.

Na súa falta, o prazo de iniciación non poderá exceder os seis meses e o de terminación os tres anos, desde a data do seu outorgamento, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis meses (artigo 145.1 da LSG).

3. Os municipios poderán conceder prórroga dos referidos prazos da licenza, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado (artigo 145.2 da LSG).

4. No suposto de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa rematada exteriormente (artigo 145.3 da LSG).

5. A caducidade será declarada pola Administración municipal logo do procedemento coa audiencia ao interesado (artigo 145.4 da LSG).

O procedemento de declaración de caducidade iniciarase de oficio polo concello que outorgou a licenza. O órgano competente para resolver pode adoptar medidas provisionais para a protección dos intereses públicos e de terceiras persoas, incluído o cesamento dos actos de uso do solo ou do subsolo autorizados pola licenza, nos termos establecidos pola lexislación do procedemento administrativo común.

No procedemento darase audiencia á persoa titular da licenza. A resolución será motivada e notificarase nos termos previstos pola lexislación do procedemento administrativo común no prazo máximo de seis meses desde a notificación da iniciación do procedemento, transcorrido o cal este caducará e deberán archivarase as actuacións, de oficio o por solicitude da persoa interesada, quedando sen efecto as medidas provisionais que se tivesen adoptado.

O procedemento será arquivado no caso de que se xustifique a irregularidade que motivou a súa iniciación, e se proceda de inmediato a iniciar ou rematar as obras en prazo razoable a xuízo do órgano competente, agás que se aprecie reiteración ou reincidencia no incumprimento.

6. A declaración de caducidade extinguirá os efectos da licenza. Unha vez notificada a caducidade da licenza, as obras non se poderán iniciar nin proseguir se non se solicita e obtén unha nova licenza axustada á ordenación urbanística en vigor.

Mentres non sexa outorgada, non poderán realizarse máis obras que as estritamente necesarias para garantir a seguridade das persoas e bens e o valor do xa realizado, logo de autorización ou orde de execución por parte do concello.

CUARTO.- Establece o artigo 357 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia:

1. As peticións de licenza resolveranse no prazo de tres meses, contados desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do concello (artigo 143.2 da LSG).





Ese prazo suspenderase de conformidade co disposto no artigo 354.2 así como nos casos previstos na lexislación sobre procedemento administrativo común das administracións públicas.

2. As licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos vixentes no momento da súa concesión.

3. As resolucións sobre o outorgamento ou denegación de licenzas urbanísticas deben ser motivadas e congruentes co solicitado, con explícita referencia ás normas ou determinacións do planeamento que se incumpran.

4. A resolución mediante a cal se outorgue a licenza deberá consignar expresamente, ademais de calquera outra especificación requirida polas disposicións vixentes e o que o órgano competente considere oportuno incluír, os seguintes aspectos:

a) Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación.

b) Finalidade da actuación e uso a que se destinará.

c) Altura, volumes e ocupación de parcela permitidos.

d) Orzamento de execución material.

e) Situación e localización das obras, coa súa identificación catastral ou coordenadas UTM, así como o número de predio rexistral, de encontrarse inscrito.

f) Nome ou razón social da persoa promotora.

g) Técnico autor do proxecto e, se é o caso, dirección facultativa das obras e técnico coordinador de seguridade e saúde.

h) Prazos para o inicio e remate das obras e posibilidade de solicitar prórrogas.

i) Calquera outro dato que se considere oportuno en aplicación da normativa aplicable e das condicións singulares en función da tipoloxía do acto de uso do solo ou do subsolo autorizado.

5. Concedida a licenza, selaranse e dilixenciaranse os distintos documentos e todos os planos que integran o proxecto técnico para a debida constancia do contido daquela.

6. Será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

QUINTO.- No caso que nos ocupa, e visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable procedendo a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local, ao se-lo órgano municipal competente de conformidade co Decreto de delegación de competencias do alcalde na Xunta de Goberno Local de data 1 de xullo de 2015.

Polo anteriormente exposto da documentación obrante no expediente, visto o artigo 145 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia e visto o artigo 359 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e visto o informe con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral urbanismo,





José Martínez de Llano Orosa, de data 14/02/2019, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

CONCEDER ao **MINISTERIO DEL INTERIOR, A PRÓRROGA DA LICENZA DE OBRAS (Nº 489/09), MODIFICADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN SESIÓN CELEBRADA O DÍA 25 DE XANEIRO DE 2018**, para **CONSTRUCCIÓN DE NOVO EDIFICIO PARA A COMISARÍA LOCAL DEL CUERPO NACIONAL DE POLICÍA**, no SECTOR DO SUZ-4 - FONTÁN (PARCELA (6-A), **EN RIVEIRA** en parcela con refª catastral nº 15074A018001650001LO.

VIII.- INFORMACIÓNS URBANÍSTICAS.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

IX.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

X.- LICENZAS DE SEGREGACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

XI.- RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

XII.- VAOS PERMANENTES.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

XIII.- OUTROS ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

1.- A Xunta de Goberno Local queda enteirada do oficio remitido polo **Xulgado do Contencioso-Administrativo Nº 1 de Santiago de Compostela**, de data 15/02/2019 (Rexistrado de entrada en data 20/02/2019 co nº 2.359), no que achega certificación de Auto de data 16/01/2019 nº 4/2019, ditado no recurso contencioso-administrativo (P.O. 269/2018), de carácter firme, e no que declara terminado o citado recurso interposto po Juana Vilas Pérez e Juana Sampedro Vilas contra o Concello de Riveira.





2.- A Xunta de Goberno Local queda enteirada do oficio remitido pola **Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Sanidade**, de data 13/02/2019 (Rexistrado de saída en data 15/02/2019 co nº 4889/RX230954), e rexistrado de entrada en data 20/02/2019 co nº 592, no que remite documentación relativa a presunto incumprimento da Lei 11/201, de prevención do consumo de bebidas alcohólicas en menores de idade.

4.- Visto o informe emitido pola **Policía Local**, de data 27/09/2018, relativo á instalación de sinalización vertical con indicación de “Rúa sen saída” na Rúa Cabasas (Riveira).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar a instalación de sinalización vertical con indicación de “Rúa sen saída” (Sinal S-15a) na Rúa Cabasas (Riveira); según o sinalado no citado informe policial.

5.- Visto o informe emitido pola **Policía Local**, de data 18/02/2019, relativo á instalación de sinalización vertical con indicación de “Rúa sen saída” á altura do nº 49 da Rúa Fondevila (Riveira).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar a instalación de sinalización vertical con indicación de “Rúa sen saída” (Sinal S-15a) á altura do nº 49 da Rúa Fondevila (Riveira); según o sinalado no citado informe policial.

6.- Visto o informe emitido pola **Policía Local**, de data 19/02/2019, relativo á solicitude de retirada de marquesina e contedores de residuos sólidos urbanos en Lugar de Deán nº 104 (Riveira), formulada por Juan Pardavila Figueirido en representación de Juan Pérez Pérez, en escrito rexistrado de entrada en data 25/01/2019 co nº 1.158.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar a retirada de marquesina e contedores de residuos sólidos urbanos en Lugar de Deán nº 104 (Riveira), formulada por Juan Pérez Pérez, según o sinalado no citado informe policial.





APROBACIÓN PROGRAMA ENTROIDO 2019

Vista a proposta conxunta presentada pola Concellería de Cultura, Manuel Ruiz Rivas, e pola Concellería de Turismo, Antonio Javier J. Freire Brión, de data 20/02/2019, relativa á celebración do programa Entroido 2019, e na que sinala:

“As áreas municipais de cultura e comercio teñen como obxectivo o fomento da participación nas distintas manifestacións culturais e lúdicas celebradas durante o ano mediante a organización e apoio de programas que acadan pola súa tradición e arraigo un carácter estable convertíndose en referente da cidade.

*Nesta ocasión e próximos á celebración da tradicional **festas do entroido**, presentamos as actividades que terán lugar dentro deste programa.*

Calendario: 25, 26, 27 e 28 de febreiro e do 1 ao 10 de marzo de 2019.

- **Dous obradoiro de Cociña e repostería de entroido**
- **Animación de rúa**
- **Expreso do Entroido**
- **EnReda de Entroido - Choqueirada Infantil**
- **Inchables na rúa**
- **Festival de Murgas e Comparsas.**
- **Enterro do Felipe.**
- **Concursos de disfraces de Entroido, en colaboración coa hostalería de Riveira**
- **Ruta de Tapas do Pequeño Entroido, en colaboración coa hostalería de Riveira**
- **Actividades da hostalería no Entroido (concertos en locais hostaleiros)**

Para desenvolver algunhas das accións que están dentro do programa do “Entroido 2019” será preciso instalar unha carpa de 600 m2 (15x40) desde o día 1 de marzo ata o día 11 de marzo no Malecón de Riveira; para isto é necesario solicitar a autorización da ocupación do chan a Portos de Galicia.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda:

- Aprobar a celebración do programa Entroido 2019, según o sinalado na citada proposta.
- Autorizar que se proceda a solicitar a ocupación do Malecón a Portos de Galicia para instalar unha carpa de 600 m2 (15x40), desde o día 1 de marzo ata o día 11 de marzo.

APROBACIÓN CELEBRACIÓN DA “FEIRA DE OPORTUNIDADES DE INVERNO”

Vista a proposta presentada polo **Concelleiro Delegado de Turismo**, Antonio Javier J. Freire Brión, de data 19/02/2019, no que solicita acordo relativo á celebración da “Feira de Oportunidades de Inverno”, a petición de Antonio Miranda





Blanco en representación da Asociación de Empresarios de Riveira (Rexistrado de entrada en data 14/02/2019 co nº 5.862).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Autorizar a celebración da “Feira de Oportunidades de Inverno”, organizada e solicitada pola Asociación de Empresarios de Riveira, durante os días 8, 9 e 10 de marzo de 2019 no Malecón de Riveira.

SOLICITUDES DE SUBVENCIONES

Vista a proposta presentada polo **Alcalde do Concello de Riveira, Manuel Ruiz Rivas**, de data 20/02/2019, en relación á ORDE do 21 de decembro de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, destinadas á creación ou mellora de infraestruturas nos concellos de Galicia con poboación inferior a 50.000 habitantes, para o ano 2019 (código de procedemento MT300A). (DOG do 23/01/2019, núm. 16)

Visto o proxecto “Mellora e pavimentación da Rúa Rosalía de Castro (dende o cruce Marcial del Adalid ata o cruce Luís Seoane)”, redactado pola enxeñeira municipal, de data xaneiro 2019.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Primeiro.- Solicitar unha subvención ao abeiro da orde citada anteriormente para o proxecto “Mellora e pavimentación da Rúa Rosalía de Castro (dende o cruce Marcial del Adalid ata o cruce Luís Seoane)”, sendo o orzamento total do proxecto de 119.593,79€ (IVE engadido).

Segundo: aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos recollidos na citada orde.

RESOLUCIÓN EN RELACIÓN AO EXPEDIENTE DE CESIÓN GRATUÍTA CON CONDICIÓN ONEROSA DUNHA PARCELA PARA O DOMINIO E USO PÚBLICO SITA NAS INMEDIACIÓNS DO LUGAR DA AMEIXIDA, PROPIEDAD DE D. AMADOR AGEITOS PÉREZ E OUTROS.

En relación ao asunto de referencia e con base aos seguintes:

ANTECEDENTES DE FEITO

1.- Por Providencia da Alcaldía do 17/04/2018, dáse conta da vontade manifestada por don Amador, dona Francisca Manuela e dona Juana Ageitos Pérez, de ceder a favor do Concello de Riveira unha parte da finca da súa propiedade, sita nas inmediacións do lugar da Ameixida, de referencia catastral 15074A019002220000KQ, en concreto 431,68 metros





cadrados, a dominio e uso público, coa condición de que por parte do Concello se constrúa un muro de peche.

Nesa mesma Providencia, ordénase unir ao expediente os informes de taxación do terreo e de valoración do peche emitidos polo arquitecto municipal na data 13/11/2017, e dar traslado da mesma aos departamentos de secretaría e intervención, a fin de que, previos os trámites oportunos e informes pertinentes, se proceda á aprobación do expediente para a aceptación da cesión de referencia coa condición imposta.

2.- A Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada na data 26/04/2018, adoptou os seguintes acordos:

Primeiro.- Declarar a innecesiedade da licenza de segregación da porción de terreo dunha superficie de 431,68 metros cadrados da finca sita nas inmediacións do lugar da Ameixida, coa referencia catastral 15074A019002220000KQ, propiedade de don Amador, dona Francisca Manuela e dona Juana Ageitos Pérez, de conformidade co artigo 150.6.c) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

Segundo.- Aceptar a cesión gratuíta para o dominio e uso público que fai ao Concello de Riveira don Amador, dona Francisca Manuela e dona Juana Ageitos Pérez do seguinte inmovible: "Parcela sita no lugar de Martín (inmediacións do lugar da Ameixida), municipio de Riveira, dunha superficie de 431,68 metros cadrados, que linda: Norte, terreo de Carlota Mariño; Sur, mais de Francisca González; Este, mais de Josefa Campaña; e Oeste, resto da finca matriz."

A referida parcela destínase para o dominio e uso público.

Tras a aceptación desta cesión a finca matriz diminúe a súa superficie en 431,68 metros cadrados.

Terceiro.- Dispoñer que se proceda á execución do muro de peche segundo a valoración realizada polo arquitecto municipal no seu informe do 13/11/2017 obrante neste expediente.

Cuarto.- Incorporar o ben adquirido ao libro do Inventario Municipal, dentro do epígrafe que corresponda segundo a súa natureza.

Quinto.- Facultar ao Sr. Alcalde para que en nome e representación do Concello subscriba a correspondente escritura pública.

Sexto.- Serán por conta do Concello todos os gastos e impostos derivados desta doazón.

Sétimo.- Calquera cuestión litixiosa que poida xurdir que afecte á propiedade en si do ben, dilucidarase ante a xurisdición civil.

Oitavo.- Notificar o presente acordo ao donante, agradecéndolle a doazón efectuada."

3.- En datas posteriores á adopción do referido acordo, os propietarios cedentes aportan documentación na que se fai constar a existencia doutros titulares do terreo en cuestión. Así mesmo, existe unha discrepancia entre o título de propiedade e os datos catastrais no que se refire á superficie da finca, que fai necesario que se realice unha medición da mesma.

Esta variación de datos fai necesaria a modificación do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión do 26/04/2018.

4.- Desde o departamento de secretaría e servizos xerais, procedeuse a impulsar de oficio o procedemento, recadando a seguinte documentación:

- Copia simple dos DNI de don Amador, dona Francisca Manuela e dona Juana Ageitos Pérez, de don Juan Luis e de dona Sonia Arias Ageitos, de





dona Manuela Ageitos Romay, de don Manuel Pouso Gude e de don Juan Luis Arias Paz.

- Copia simple de testamento aberto, autorizado polo Notario don Emilio Carballo Lourido na data 15/09/1978 co número 1.017 de protocolo.
- Copia simple da relación de bens da herdanza de Don Amador Ageitos Pérez.
- Copia simple da escritura de compravenda autorizada polo Notario Alfonso Emilio Rodríguez Sánchez, na data 12/04/1984, co número 500 de protocolo.
- Copia simple da escritura de división material e adxudicacións, autorizada polo Notario José Prieto Luengo, na data 18/09/1.990, co número 1.753 de protocolo.
- Copia simple da escritura de ratificación, autorizada polo Notario, don José Prieto Luengo, na data 10/12/1.990, co número 2.272 de protocolo.
- Copia simple da escritura de poder xeral, autorizada polo Notario, don José Manuel Lois Puente, na data 16/04/1.991, co número 857 de protocolo.
- Copia simple da escritura de poder xeral, autorizada polo Notario, don Víctor José Peón Rama, na data 11/07/2.003, co número 651 de protocolo.
- Copia simple de consulta descritiva e gráfica dos datos catastrais do inmovible.
- Plano de medición da superficie da finca realizado polo arquitecto municipal.
- Novos informes de taxación emitidos polo arquitecto municipal e pola enxeñeira municipal na data 11/10/2018.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Artigo 3 e DF 2ª da Lei 33/2003, do 03 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas.
- Artigos 1.2.f), 9.1, 10 e 12 do Regulamento de Bens das entidades locais, aprobado polo Real Decreto 1372/1986.
- Artigos 618 e seguintes do Código Civil.
- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRA.- Conforme ao artigo 3 da Lei 33/2003, do 03 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas, de carácter básico segundo a Disposición Final 2ª da citada Lei e, por tanto, aplicable ás entidades locais, o patrimonio das Administracións Públicas está constituído polo conxunto dos seus bens e dereitos, calquera que sexa a súa natureza e o título da súa adquisición ou aquel en virtude do cal lle fosen atribuídos.

SEGUNDA.- O artigo 9.1 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño (no sucesivo RB), recoñece ás entidades locais plena capacidade xurídica para a adquisición e posesión de toda clase de bens e dereitos.

Entre os modos polos que se poden adquirir bens e dereitos que enumera o artigo 10 do RB atopamos a doazón, que se regula de xeito específico no artigo 12 do RB dispoñendo que: *“1. A adquisición de bens a título gratuito non estará suxeita a restrición algunha. 2. Non obstante, si a adquisición levara anexa algunha condición ou modalidade onerosa, só poderán aceptarse os bens previo expediente no que se acredite que o valor do*





gravame imposto non excede do valor do que se adquire. 3. A aceptación de herdanzas entenderase a beneficio de inventario.”

TERCEIRA.- O artigo 618 do Código Civil (norma do dereito privado á que cómpre acudir de conformidade co artigo 26 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público), define a doazón como o acto de liberalidade polo cal unha persoa dispón gratuitamente dunha cousa en favor doutra, que a acepta. Igualmente o artigo 623 do Código Civil (no sucesivo CC) dispón que a doazón perfeccionase dende que o donante coñece a aceptación do donatario, o artigo 629 CC que a doazón non obriga ao donante, nin produce efecto, senón desde a aceptación e o artigo 630 que o donatario debe, so pena de nulidade, acepta-la doazón por si, ou por medio de persoa autorizada con poder especial para o caso, ou con poder xeral e bastante. Destes artigos extraese a conclusión da necesidade de acepta-la doazón e comunicalo á persoa doante.

CUARTA.- En canto á lexitimación, conforme ao artigo 624 CC, poderán facer doazón todos os que poidan contratar e dispoñer dos seus bens e conforme ao artigo 625 CC poderán aceptar doazóns todos os que non estean especialmente incapacitados pola lei para elo.

QUINTA.- Respecto á forma da doazón, o artigo 633 CC establece que para que sexa válida a doazón de cousa inmoble, farase en escritura pública, expresándose nela individualmente os bens doados e o valor das cargas que deba satisfacer o donatario. A aceptación poderá facerse na mesma escritura de doazón ou noutra separada; pero non surtirá efecto se non se fixese en vida do doante. Feita en escritura separada, deberá notificarse a aceptación en forma auténtica ao doante, e anotarase esta dilixencia en ambas escrituras.

SEXTA.- De conformidade coa Disposición Adicional segunda da Lei 9/2017, do 08 de novembro, de Contratos do Sector Público, nas entidades locais corresponde aos Alcaldes e aos Presidentes das Entidades Locais a competencia para a celebración dos contratos privados, así como a adxudicación de concesións sobre os bens das mesmas e a adquisición de bens inmobles e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial cando o presuposto base de licitación, nos termos definidos no artigo 100.1, non supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do presuposto nin o importe de 3 millóns de euros, así como o alleamento do patrimonio, cando o seu valor non supere a porcentaxe nin a contía indicados.

Corresponde ao Pleno a competencia para celebrar contratos privados, a adxudicación de concesións sobre os bens da Corporación e a adquisición de bens inmobles e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial así como o alleamento do patrimonio cando non estean atribuídas ao Alcalde ou ao Presidente, e dos bens declarados de valor histórico ou artístico calquera que sexa o seu valor.

O exercicio desta competencia é delegable por un ou outro órgano na Xunta de Goberno Local (artigos 21.3 e 22.4 LRBRL).

SÉTIMA.- A formalización do expediente requirirá, en todo caso:

- Comunicación do doante por escrito na que acredite a súa personalidade e capacidade de obrar, a súa vontade de doar, o poder outorgado si actúa mediante representación e a titularidade sobre o doado.
- Aceptación por parte do Concello mediante acordo do órgano competente.





- Notificación do acordo de aceptación ao doante.
- Elevación da doazón a escritura pública.

OITAVA.- No presente caso, trátase da cesión de parte dun terreo de propiedade privada, o que legalmente constitúe unha doazón que é necesario formalizar.

De conformidade coa documentación obrante no expediente o terreo cuxa cesión se pretende é dunha superficie total de 402,00 metros cadrados que forma parte da finca que se describe a continuación, polo que, en principio, sería necesario que polo órgano municipal competente se autorice unha previa segregación da parcela. Sen embargo trátase dun caso de distinta clasificación do solo da parcela de orixe (solo urbano e solo rústico), e o que se efectuaría sería a segregación da parte clasificada como solo urbano, deixando a parcela matriz dentro da delimitación do solo rústico, polo que, en aplicación do artigo 150.6.c) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, é innecesario o outorgamento de licenza de segregación cando a división ou segregación sexa consecuencia do outorgamento polo planeamento de distinta clasificación ou cualificación da parcela de orixe:

- *Descrición: Finca denominada "CHOYO", situada no lugar de Martín (inmediacións do lugar da Ameixida), no municipio de Riveira, dunha superficie de 2.206 metros cadrados, e que linda: Norte, camiño Paramo; Sur, María García Graña; Este, Virginia Novo Pouso e outro; e Oeste, Francisca Rodríguez Campaña, José Manuel Lampón Regueira, Generosa Hermo Dios, Ramón Cadaval Teira e Herdeiros de Antonio Pérez Pérez. Propietarios: Amador Ageitos Pérez, con DNI número 32294672G, dona Francisca Manuela Ageitos Pérez, con DNI número 76500725B, dona Juana Ageitos Pérez, con DNI número 33154370P, don Manuel Pouso Gude, con DNI número 33175640A, dona Manuela Ageitos Romay con DNI número 76484217V, don Juan Luis Arias Ageitos, con DNI número 52459098P, e dona Sonia Arias Ageitos, con DNI número 52459717Y.*
- *Títulos: Herdanza de D. Francisco Ageitos García.*
- *Inscrición: Non se ten constancia de que está inscrita no Rexistro da Propiedade.*
- *Referencia Catastral: 15074A019002220000KQ, 15074A019002220001LW.*
- *Cargas: Non se ten constancia da súa existencia.*

Resulta, polo tanto, determinado o obxecto do contrato, así como a capacidade de obrar dos contratistas e a súa personalidade e capacidade de obrar na documentación que consta no expediente.

En relación ás actuacións formais necesarias para proceder á adquisición do terreo a título gratuito, o artigo 12 do RB soamente esixe previo expediente para o caso de que a adquisición levase anexa algunha condición ou modalidade onerosa. Enténdese que non se considerará como un gravame, aos efectos do artigo 12.2 do RB, as inversións que teña que realizar o Concello para dar o destino de uso xeral ou servizo público ao ben que se adquire. Contrariamente, a condición imposta polos cedentes que obriga ao Concello á execución dun muro de peche, si se considera unha condición onerosa, polo que é preciso realizar previo expediente, tal e como esixe o artigo 12.2 do RB, no que se acredite que o valor do gravame imposto non excede do valor do que se adquire.





Neste suposto, consta no expediente informe de taxación do terreo que se cede, emitido polo arquitecto municipal na data 11/10/2018, e no que se valora o terreo a ceder en 10.989,67 euros. Así mesmo, consta tamén valoración da execución do muro, realizada pola enxeñeira municipal na data 11/10/2018, cuxa contía ascende a 9.400 euros. Polo que se cumpriría o requisito imposto pola norma regulamentaria de que o valor do gravame imposto (execución do muro de peche = 9.400 euros) non excede do valor do que se adquire (terreo de 402 m² = 10.989,67 euros).

De conformidade coa DA 2ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, e en función da valoración do referido ben, o órgano competente para acordar a súa adquisición é o Alcalde, competencia que no Concello de Riveira está delegada na Xunta de Goberno Local, segundo Decreto de delegación de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local, asinado na data 01/07/2015.

Visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable procedendo a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local.

Por elo, visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 21/02/2019, e visto o informe de intervención favorable emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 24/04/2018, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

PRIMEIRO.- Modificar o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada na data 26/04/2018, quedando os acordos adoptados como seguen a continuación.

SEGUNDO.- Declarar a innecesiedade da licenza de segregación para obter a cesión gratuíta con condición onerosa do terreo dunha parcela sita no lugar de Martín (inmediacións do lugar da Ameixida), do municipio de Riveira para o dominio e uso público, de conformidade co artigo 150.6.c) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, resultando finalmente do seguinte modo:

- Parcela propiedade de don Amador Ageitos Pérez, dona Francisca Manuela Ageitos Pérez, dona Juana Ageitos Pérez, don Manuel Pouso Gude, dona Manuela Ageitos Romay, don Juan Luis Arias Ageitos, e dona Sonia Arias Ageitos, coas referencias catastrais 15074A019002220000KQ, 15074A019002220001LW, que de acordo coas escrituras de propiedade ten unha superficie de 1.936 metros cadrados e segundo a documentación catastral ten unha superficie de 1.963 metros cadrados, se ben de recente medición, (realizada polo arquitecto municipal tal e como consta no plano que forma parte do expediente administrativo) conta cunha superficie de 2.206 metros cadrados. Superficie de cesión de 402 metros cadrados.

TERCEIRO.- Aceptar a cesión gratuíta para o dominio e uso público que fan ao Concello de Riveira don Amador, dona Francisca Manuela e dona Juana Ageitos Pérez, don Manuel Pouso Gude, dona Manuela Ageitos Romay, e don Juan Luis e dona Sonia Arias Ageitos, do seguinte inmovible:



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20190325010
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 01/03/2019 JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 01/03/2019 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 01/03/2019 13:48:57		Fecha: 01/03/2019 Hora: 13:51





“Parcela sita no lugar de Martín (inmediacións do lugar da Ameixida) municipio de Riveira, dunha superficie de 402 metros cadrados, e que linda: Norte, camiño Paramo; Sur, María García Graña; Este, Virginia Novo Pouso e outro; e Oeste, resto da finca matriz.”

Tras a aceptación desta cesión a finca matriz (coas referencias catastrais 15074A019002220000KQ, 15074A019002220001LW) diminúe a súa superficie en 402 metros cadrados.

CUARTO.- Incorporar o ben adquirido ao libro do Inventario Municipal, dentro do epígrafe que corresponda segundo a súa natureza.

QUINTO.- Atender ao cumprimento da condición onerosa, consistente na execución do muro de peche segundo a valoración realizada pola enxeñeira municipal no seu informe do 11/10/2018, con cargo á aplicación correspondente do orzamento municipal vixente. O peche a realizar terá as seguintes características:

- Zapata corrida de formigón ciclópeo de dimensións 0,50x0,35 m.
- Muro de bloque revestido de 1 m de altura.
- Postes de formigón prefabricados, colocados cada 4 m e cunha altura de 2 m.
- Arame de 1 m de altura.
- 4 ud de portalón de aluminio para acceder á parcela, de 4 m de ancho (2 follas).

SEXTO.- Facultar ao Sr. Alcalde para que en nome e representación do Concello subscriba todos os documentos que se deriven do expediente, entre eles a sinatura das escrituras públicas de adquisición do ben inmovible, e para que realice as xestións necesarias para o cumprimento das condicións onerosas establecidas polos cedentes.

SÉTIMO.- Remitir a documentación necesaria ao Rexistro da Propiedade para que efectúen os oportunos asentos rexistrais, segundo a Lexislación hipotecaria.

OITAVO.- Serán por conta do Concello todos os gastos e impostos derivados desta doazón.

NOVENO.- Calquera cuestión litixiosa que poida xurdir que afecte á propiedade en si do ben, dilucidarase ante a xurisdición civil.

DÉCIMO.- Notificar o presente acordo aos donantes, agradecéndolle a doazón efectuada e significándolles que deberán comparecer no momento en que sexan emprazados para proceder a elevar a escritura pública a adquisición referida.

APROBACIÓN DA PROPOSTA DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE PORTOS DE GALICIA E O CONCELLO DE RIVEIRA PARA A EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS DE REORDENACIÓN DO PASEO DAS CAROLINAS E O PARQUE GARCÍA BAYÓN NO CONCELLO DE RIVEIRA

VISTA a proposta de Convenio de Colaboración entre Portos de Galicia e o Concello de Riveira para a execución das Actuacións de Reordenación do Paseo das Carolinas e o Parque García Bayón no Concello de Riveira.





VISTO que o obxecto do devandito convenio consiste en regular a colaboración entre o Concello de Riveira e Portos de Galicia no que atinxe ás actuacións no dominio público portuario de remodelación da fachada marítima do Concello de Riveira coa unión mediante carril bici da infraestrutura existente no Touro coa do Coroso no Concello de Riveira, Paseo da Carolinas, Parque García Bayón dentro do proxecto de “REORDENACIÓN DO PASEO DAS CAROLINAS E DO PARQUE GARCÍA BAYÓN NO CONCELLO DE RIBEIRA”, redactado en maio de 2017 pola enxeñeira municipal, Dna. Uxía Landeira Pereira.

CONSIDERANDO os artigos 55 e 57 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, o artigo 4.1.c) da Lei 9/2017 de 8 de setembro, de Contratos do Sector Público, os artigos 82, 83 e 84 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a Lei 4/2017, de 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de Galicia e o artigo 11.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

VISTOS os informes que obran no expediente tanto do Secretario Xeral como do Interventor Xeral da Corporación

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía, **acorda** por unanimidade dos seus membros:

Primeiro.- Aprobar a proposta de convenio Colaboración entre Portos de Galicia e o Concello de Riveira para a execución das Actuacións de Reordenación do Paseo das Carolinas e o Parque García Bayón no Concello de Riveira, de acordo coas cláusulas contidas no mesmo, que se asumen na súa integridade e según proxecto redactado en maio de 2017 pola enxeñeira municipal, Dna. Uxía Landeira Pereira.

Segundo.- Remitir certificación do presente acordó á entidade Portos de Galicia para súa constancia e efectos oportunos.

Terceiro.- Facultar ó Sr. Alcalde-presidente tan amplamente como en Dereito sexa posíbel para garantir a plena efectividade do presente acordo.

A Presidencia levanta a sesión sendo as dez horas e trinta e quince minutos do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

O Alcalde

Manuel Ruiz Rivas

Dou fe, o secretario xeral

Juan Manuel Salguero del Valle

